



## Concello de RAMIRAS

NIF : P3206900 G

Tf. : 988 491 523

Fax : 988 478 604

E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

galicia

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 31 DE MAIO DO 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Ramirás (Ourense) cando son as doce horas e dous minutos (12:02') do día trinta e un de maio de dous mil dezaioito, reúnese a Corporación Municipal para os efectos de celebrar Sesión Plenaria ordinaria en primeira convocatoria.

#### ASISTENTES.

Asisten ó acto, baixo a Presidencia de **Don Juan Carlos Rodríguez Matías**, Alcalde do Concello, os Sres concelleiros membros da Corporación seguintes:

- **Sr. Alcalde:** D. Juan Carlos Rodríguez Matías
- **Sres. Concelleiros:**
  - Dna. Isabel Gil Álvarez
  - Dna. Carmen Álvarez López
  - D. Manuel Álvarez Conde
  - D. Marcos Meléndez Alonso
  - Dna. M<sup>a</sup> José Ledo García
  - Dna. Blanca Margarita Tabuyo Bello
  - Dna. Manuela Méndez Mouriño
  - D. Antonio Pérez Vázquez

Asistidos pola Secretaria-Interventora Dna. M<sup>a</sup> Begoña Quintas Fernández.

#### ORDE DO DÍA.

A Presidencia logo de comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR**

O Sr. Alcalde pregunta ós membros do Pleno se teñen algo que obxectar ao borrador da Acta da sesión celebrada na data 05/04/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



Non hai intervencións, someten o asunto á votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a Acta da sesión anterior.

## **2º.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE**

Dase lectura á proposta presentada ao Pleno co seguinte texto:

### **"PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN"**

*O Concello de Ramirás formalizou o CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA CONCESIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE coa empresa ESPINA & DELFIN, con CIF B15026693 na data 02/01/2006.*

*O Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP) establece no artigo 36 a obriga de presentar garantía definitiva nos contratos de concesión de servizos.*

*A empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable, ESPINA & DELFIN, con CIF B15026693, presentou a fianza definitiva por importe de 5.000,00 € mediante aval bancario do BANCO DE GALICIA.*

*O artigo 43 do TRLCAP determina que as garantías definitivas responderán das penalidades impostas ao contratista, das obrigas derivadas do contrato, dous gastos orixinados por demoras do contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados. E esta garantía non será devolta ou cancelada ata o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate ou resolto este sen culpa do contratista (art. 44). Se non resultaren responsabilidades para exercitar sobre a garantía e transcorrido un ano dende a terminación do contrato, acordarase a devolución daquela ou de cancelación do aval.*

*Visto que cumpriu o prazo e non hai responsabilidades que esixir a empresa concesionaria, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO:** *Proceder a devolución da garantía definitiva a empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable ESPINA & DELFIN, con CIF B15026693, por importe de 5.000,00 € e constituída mediante aval bancario, nº 8553/00662 do BANCO DE GALICIA na data 09/11/2005.*

**SEGUNDO:** *Notificar ao interesado cos recursos que procedan.*

*Ramirás, 18 de abril de 2018*

*O Alcalde: Juan Carlos Rodríguez Matías"*

Toma a palabra a Sra. Concelleira Dna. Isabel para preguntar canto tempo hai que esperar para efectuar a devolución do aval dende a finalización do contrato. Informase que o período de garantía é de un ano e así consta no contrato asinado na data 02/01/2006, e a Sra. Concelleira di, que logo, procede a devolución por lei.

Intervén o Sr. Alcalde e di que non se ten observado anomalías nas instalacións da auga durante todo o período dende que finalizou o contrato coa empresa Espina&Delfin (31/12/2015), polo que a proposta do seu grupo é proceder á devolución da garantía.

Concluen as intervencións, someten o punto a votación e o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Proceder á devolución da garantía definitiva a empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable ESPINA & DELFIN, con CIF B15026693, por importe de 5.000,00 € e constituída mediante aval bancario, nº 8553/00662 do BANCO DE GALICIA na data 09/11/2005.

**SEGUNDO:** Notificar ao interesado cos recursos que procedan.

### **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO**

Iníciase o punto coa lectura da Proposta da Alcaldía para aprobar o Plan Económico-Financeiro, que se transcribe, literalmente, a continuación:

#### **"PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO**

*Visto o Plan Económico-financeiro elaborado con motivo do incumprimento da Regra de gasto por importe de 105.861,44 € na Liquidación do Exercicio 2017.*

*Este feito implica a necesaria formulación dun PEF que permita no ano en curso e no seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEOSF.*

*Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno Municipal.*

#### **PROPOÑO ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO POR O PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO.** *Quedan informados do resultado que presenta a Liquidación do Exercicio 2017 e da avaliación da Regra de Gasto efectuado pola Secretaría-Intervención mediante Informe de data 19/02/2018.*

**SEGUNDO.** *Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.*

**TERCEIRO.** *Remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación no seu portal web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan Económico-financeiro.*



**CUARTO.** A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, unha copia do Plan estará á disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia.

Ramirás, 12 de marzo de 2018

O Alcalde. Asdo.: Juan Carlos Rodríguez Matías"

## **Anexo: PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO**

### **1. Introducción**

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 3, que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais, realízanse nun marco de «estabilidade orzamentaria», coherente coa normativa europea, e defínese a estabilidade orzamentaria e a situación de equilibrio ou superávit orzamentario.

O artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que as Corporacións deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

O artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de Abril, regula a "regra de gasto", sinalando que a variación do gasto computable das administracións públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. (2,1% para 2017)

Igualmente, deberase cumprir co principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta lei e a normativa sobre morosidade na normativa europea.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 19/02/2018 aprobouse a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2017 do Concello de Ramirás, onde se poñen de manifesto os seguintes datos analizados no Informe de Secretaría-Intervención da mesma data:

- 1.-Cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, con superávit orzamentario por importe de 33.340,63 €
- 2.-Incumprimento da regra de gasto por importe de 105.861,44 €.
- 3.- Cumprimento do límite da débeda, xa que o Concello de Ramirás non ten débedas por operacións de préstamo.

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico-financiero que permita no ano en curso e no seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEOSF.

## **2. Contido e tramitación**

O Plan económico-financiero conterá como mínimo a seguinte información en conformidade co artigo 21.2 da LOEOSF:

- As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios nos que se contabilizarán.
- As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións.
- Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Adicionalmente, de conformidade co artigo 116 bis na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o mencionado plan incluírá ademais as seguintes medidas:

- A supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- A xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- O incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- Racionalización organizativa.
- A supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

O Plan Económico-financiero será presentado, ante o Pleno, no prazo máximo dun mes, desde que se constate o incumprimento. E deberá ser aprobado no prazo máximo de dous meses contados desde a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses

desde a constatación do incumprimento, tal como establece o artigo 23.1 do a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Remítirase á Comunidade Autónoma e tamén para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local e se lle dará a mesma publicidade que a establecida pola lei para os orzamentos da entidade.

Finalmente o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade ós Plans económico-financeiros, e a adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

### 3. Situación actual

A liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2017 do Concello de Ramirás, ofrece as seguintes magnitudes:

<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO 2017</b>		
1	Derechos reconocidos (+)	<b>1.228.932,49 €</b>
2	Obligaciones reconocidas (-)	<b>1.100.213,90 €</b>
3	Resultado presupuestario (1-2)	+ 128.718,59 €
4	Desviaciones positivas de financiación (-)	- 9.590,31 €
5	Desviaciones negativas de financiación (+)	0,00 €
6	Gastos financiados con Remanente líquido de Tesorería (+)	90.607,70 €
8	Resultado presupuestario ajustado (3-4+5+6)	+ 209.735,98 €

<b>REMANENTE DE TESORERÍA 2017</b>		
1	Deudores pendientes de cobro (+)	698.504,62 €
2	Acreedores pendientes de pago (-)	78.016,17 €
3	Fondos líquidos a fin de ejercicio (+)	176.272,67 €
4	<b>Remanente de Tesorería (1-2+3)</b>	<b>+ 796.761,12 €</b>
5	Saldo de dudoso cobro	- 328.975,28 €
6	Exceso de financiación afectada	-9.590,31 €
7	<b>Remanente de Tesorería para gastos generales (4-5-6)</b>	<b>+ 458.195,53 €</b>
8	Saldo de Obligaciones pendientes de Aplicar al Presupuesto (-)	
9	Saldo de cobros realizados pendientes de aplicar al presupuesto (-)	- 2.081,16 €
10	Remanente de Tesorería para gastos generales ajustado (7-8-9)	<b>+ 456.114,37 €</b>
11	RTGG – Ingresos con fin. afectada ( IRC/17) Risga. 9.590,31 €	<b>+ 456.114,37 €</b>

- Capacidade de financiamento (superávit orzamentario).... **+ 33.340,63 €**
- Débeda a longo e curto prazo ..... **0,00 €**
- Saldo na conta 413 ..... **0,00 €**
- Período medio de pago a provedores (4º trimestre 2017) ..... **-17,89 €**
- Regra de gasto: Incumprimento por importe de ..... **105.861,44 €**

O principio de **Sustentabilidade Financeira** esixe que as administracións sexan capaces de financiarse, que sexan autosuficientes, dentro dos límites de déficit e débeda pública. Polo que deben manterse en equilibrio orzamentario ou en superávit.

En canto á **Regra de gasto** e de conformidade co artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de Abril, a variación do gasto computable das administracións públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. (2,1% para 2017).

Non obstante, na Liquidación ponse de manifesto un incumprimento por importe de **105.861,44 €**.

➤ Gasto computable 2016 .....	744.044,47 €
➤ Tasa de referencia para o Exercicio 2017 .....	2,1 %
➤ Teito de Gasto para o Exercicio 2017 .....	759.669,40 €
➤ Gasto computable do Exercicio 2017 .....	865.530,84 €

#### **4. Causas do incumprimento da regra de gasto**

Analizado o estado de liquidación do orzamento de gastos correspondente ao exercicio 2017, pode concluirse que o exceso de obrigas recoñecidas que provocan o incumprimento da regra de gasto obedece, en parte, aos créditos financiados con Remanente de Tesourería para gastos xerais.

O remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo á financiamento do fin que se pretenda, de forma que, se financia gastos dos capítulos I a VII, dará lugar a un incumprimento do principio dá estabilidade orzamentaria e, posiblemente, incumprimento do límite fixado pola regra do gasto.

Non obstante, este Concello ten capacidade financeira para consumir aforros prudentes segundo os datos das últimas liquidacións orzamentarias:

#### LIQUIDACIÓN 2012

• Fondos líquidos de Tesourería .....	+ 235.202,36
• Dereitos recoñecidos .....	+ 859.169,85
• Obrigas recoñecidas .....	+ 812.942,03
• Resultado presupostario axustado .....	+ 134.694,66
• Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado .....	+ 349.009,90
• Capacidade de financiamento .....	+ 164.086,57

#### LIQUIDACIÓN 2013

• Fondos líquidos de Tesourería .....	+ 357.933,50
• Dereitos recoñecidos .....	+ 979.025,30
• Obrigas recoñecidas .....	+ 777.102,47
• Resultado presupostario axustado .....	+ 295.744,11
• Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado .....	+ 527.982,24

- Capacidade de financiación ..... + 125.312,59
- Regra de gasto ..... CUMPRE

#### LIQUIDACIÓN 2014

- Fondos líquidos de Tesourería ..... + 208.597,03
- Dereitos recoñecidos ..... + 970.839,12
- Obrigas recoñecidas ..... + 1.027.816,25
- Resultado presupostario axustado ..... + 102.901,31
- Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado ..... + 430.436,40
- Capacidade de financiación ..... + 40.591,32
- Regra de gasto ..... INCUMPRE
- Cumpre o Periodo medio de pago a provedores
- Concello non ten operacións de endebedamento
- Non hai facturas pendentes de aplicar ao orzamento
- Non ten ningún Mecanismo de financiamento para o pago a provedores
- PEF aprobado en 2015 con aplicación en 2015 e 2016

#### LIQUIDACIÓN 2015

- Fondos líquidos de Tesourería ..... +121.171,00
- Dereitos recoñecidos ..... +999.019,65
- Obrigas recoñecidas ..... +1.072.419,13
- Resultado presupostario axustado ..... +173.600,52
- Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado ..... + 308.863,30
- Necesidade de financiación ..... - 80.161,10
- Regra de gasto ..... CUMPRE
- Cumpre o Periodo medio de pago a provedores
- Concello non ten operacións de endebedamento
- Non hai facturas pendentes de aplicar ao orzamento
- Non ten ningún Mecanismo de financiamento para o pago a provedores

#### LIQUIDACIÓN 2016

- Fondos líquidos de Tesourería ..... + 184.618,55
- Dereitos recoñecidos ..... + 1.049.684,72
- Obrigas recoñecidas ..... + 938.803,68
- Resultado presupostario axustado ..... + 126.881,04
- Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado ..... +347.212,83
- Capacidade de financiación ..... + 108.259,27
- Regra de gasto ..... CUMPRE
- Cumpre o Periodo medio de pago a provedores
- Concello non ten operacións de endebedamento
- Non hai facturas pendentes de aplicar ao orzamento
- Non ten ningún Mecanismo de financiamento para o pago a provedores

### **5. Medidas a adoptar para corrixir a situación. Plan Económico-Financeiro 2018-2019**

A Liquidación do Exercicio 2017 mostra un incumprimento da Regra de gasto por importe de 105.861,44 € que determina a obriga de elaborar un Plan Económico-Financeiro que permita no exercicio actual e no seguinte o seu cumprimento.

A causa do incumprimento e, por unha banda, o grao de execución dos orzamento que cada ano se executa mais gasto e, por outra, a utilización do Remanente de Tesourería (capítulo VIII) para financiar gastos dos capítulos I a VII.



A utilización do Remanente de Tesourería non é determinante dunha situación de déficit estrutural senón ó contrario, habería que identificalo cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

Unha vez analizada a situación da Corporación ao 31 de decembro de 2017, cabe reproducir polo seu interese, a resposta da Intervención Xeral da Administración Estatal ( IGAE) a unha consulta formulada polo Colexio de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local ( COSITAL), en data 17 de maio de 2013, ante o Director do Observatorio de Estabilidade Orzamentaria:

*"PREGUNTA: De acordo coa descrición que se fai na guía deste axuste, pode exporse o feito de que unha entidade que obtivese ingresos pola venda de terreos en 2012 por importe elevado, e que non executou todos os créditos, cuxos remanentes deben incorporarse obrigatoriamente a 2013 pola normativa de facendas locais, vexa axustados os seus empregos financeiros de maneira que o seu orzamento de 2013 non poida absorber nin sequera os gastos comprometidos derivados de contratos en vigor nin os gastos de persoal sen incumprir a regra de gasto. Cal sería o contido do Plan Económico-Financeiro a aprobar, que medidas debería conter?"*

*RESPOSTA IGAE: Achégolle a resposta da Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local: [...] O remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto. [...] O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfasamento entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigacións recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento. Sentada a natureza do remanente de tesourería afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económica financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita. A primeira consideración sobre as medidas para aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería de carácter afectado pola xa citada obrigación legal da súa utilización. Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración Local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida".*

Neste senso, cabe dicir que o Orzamento municipal para o exercicio 2018 foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación na data 25/01/2018, o cal foi elevado a definitivo unha vez finalizado o período de exposición pública, sen a presentación de alegacións.

O Orzamento do Exercicio 2018 cumpre co principio de Estabilidade Orzamentaria. Non obstante, se a execución do gasto acada o 90% do importe dos créditos iniciais entraría en incumprimento da Regra de gasto (teito de gasto 2018.. 777.141,80 €).

Vista a situación do Concello de Ramirás a 31/12/2017 e analizadas as causas que motivaron a superación do teito de gasto para o Exercicio 2017 e tendo en conta a situación financeira deste, non se considera necesario establecer ningunha medida estrutural para corrixir este desequilibrio, xa que o incumprimento responde a unha situación temporal, sen que poida avaliarse como déficit estrutural.

De calquera xeito, o Concello de Ramirás adoptará as seguintes medidas:

- Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria .
- Manter o período medio de pago a provedores dentro do límite legal.
- Manter o saldo da conta 413 en 0,00 €.
- Manter o gasto de xeito que se cumpran coa estabilidade orzamentario e a regra de gasto na Liquidación no exercicio 2018 e no exercicio 2019.
  - Gasto computable do exercicio 2017 ..... 865.530,84 €
  - Taxa de referencia nominal (% de variación anual) para 2018.... 2,4
  - Teito de gasto do exercicio 2018 ..... 886.303,58 €
  - Taxa de referencia nominal (% de variación anual) para 2019.... 2,7
  - Teito de gasto do exercicio 2019 ..... 910.233,78 €

Para o cálculo do teito de gasto dos exercicios 2018 e 2019 aplicáronse os coeficientes aprobados polo goberno central no Consello de Ministros de 3 de xullo de 2017.

## **6. Conclusións**

De acordo co establecido na LOEOSF, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o Concello debe formular un Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

Analizada a situación económica da Corporación e da Liquidación do exercicio 2017, pódese afirmar que, en xeral, as magnitudes son claramente positivas. Neste senso, dispónse dun considerable Remanente de Tesourería para gastos xerais, dun Resultado Orzamentario positivo, cúmprese co principio de Estabilidade Orzamentaria. Ademais cúmprese co PMPP e o saldo da conta 413 é 0,00 €.

Ainda que o incumprimento non responde a unha situación de déficit estrutural, implica a necesaria formulación dun Plan Económico-financiero que permita no ano en curso e no seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEOSF.

A Corporación viuse obrigada a realizar os gastos que se presentan na Liquidación/17, e por iso presenta este Plan Económico-Financiero coas medidas correctoras xa relacionadas, de natureza xenérica e non estruturais. Polo tanto, analizadas as causas do incumprimento que levaron a necesidade de aprobar este Plan Económico-Financiero e tal e como se detalla, as propostas garanten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do principio de sustentabilidade financeira nos termos anteriormente expostos.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que xa se tratou este asunto no Pleno anterior e non resultou aprobado o Plan Económico Financeiro (en diante PEF), e que a Consellería de Facenda xa requiriu ao Concello de Ramirás, mediante escrito, para que aprobe un Plan Económico-Financiero e que unha das consecuencias, no caso de non aprobarse, é tomar un acordo de non disponibilidad de créditos por o importe do incumprimento.

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que é a segunda vez que este asunto se trata no Pleno, que na vez anterior foi rechazado. Di que o seu grupo votou en contra e que dixeron entonces e volven a repetir que as normas están para cumprilas

Di a Sra. Concelleira que se hai un presuposto aprobado e sobre o mesmo realizan modificacións de crédito durante todo o ano, e que pode suceder isto, que se incumpra a Regra de gasto. Que a normativa establece un límite de gasto e se hai incumprimento hai que aprobar un PEF.

Que o grupo socialista sempre defendeu a mesma liña, que se faga un orzamento que inclua todo o que se pretende facer durante ese ano, coas mínimas modificacións e logo axustarse a ese presuposto.

Xa que as modificacións do orzamento son discrecionais e pouco obxectivas, eles van votar en contra da aprobación do PEF, como votaron na vez anterior, e que así votaron na aprobación dos orzamentos e nas modificacións do orzamento, porque en relación co Orzamento, non se tiveron en conta as propostas do grupo socialista.

Continua a dicir a Sra. Concelleira que aprobe o Plan o socio de goberno do PP, o Sr. concelleiro do BNG, que a vista está que volver a tratar este punto quere dicir que negociaron e tamén di a Sra. Concelleira que deben convocar os Plenos coa periodicidade establecida.

Intervén o Sr. Alcalde e di que o grupo socialista tivo oportunidade de presentar as súas propostas para o Orzamento, pero que a fórmula do partido socialista é única e innegociable e que el sabe que ten que negociar os orzamentos coas outras forzas políticas.

Que en relación a regra de gasto e ao PEF, di o Sr. Alcalde, que é a primeira portavoz socialista que defende a Lei Montoro, que parece mais do PP que eles mesmos, que está a favor da normativa actual.

Continua a dicir que ten que facer os presupostos co financiamento que ten o Concello de Ramirás e que xeran aforros que serven para financiar as modificacións orzamentarias e que estas tamen se negocian e tamen se votan e que o voto do partido socialista é irresponsable totalmente. Que tamen é responsabilidade da oposición a aprobación ou non do PEF.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro D. Marcos e di que votou en contra de aprobar o PEF e que así o dixo no anterior Pleno, que están en contra desta normativa de Montoro e que son partidarios de incumprila. Continua a dicir que o concello de Ramirás ten superávit e ten remanente de tesourería, polo mesmo ten recursos para gastar, e por tanto, espera que este ano tamén se fagan modificacións no orzamento, porque ademais, se se aproba o PEF, xa queda incrementado o teito de gasto para o ano 2018.

Que na anterior sesión argumentou o sentido do voto e preguntou que consecuencias ían ter o incumprimento de aprobar o PEF, que non está recollido na Acta, pero que si o preguntou. Que agora vese que si ten consecuencias, e que no suposto de declarar 105.000,00 € non disponibles, quedan sen financiamento para os investimentos do ano 2018. Di que lle parece unha inconsciencia, por parte do partido socialista, o argumentar que non aprobaron os orzamentos, e polo mesmo, non van aprobar o PEF, cando isto ten como primeira consecuencia, rebaixar 105.000 € do Orzamento e quedar sin recursos para investimentos no exercicio 2018.

Que polo exposto vai cambiar o sentido do voto e que espera que se utilicen os recursos e que se gaste mais no que queda de ano, porque hai que cubrir moitas necesidades.

Toma a palabra a Sra. Concelleira Dña. Isabel e di que así o defendeu na sesión anterior, que non están dacordo coa Lei Montoro e así o manifestou o Presidente da FEGAMP, pero que hai que cumprir a normativa, mentres estea vixente. E dicirlle ao Sr. Portavoz do BNG que xa sabía das consecuencias e incluso posibles sancións, logo xa puido votar a favor na outra vez, e non ter que asistir a esta segunda volta. Que houbo cambio de criterio, porque houbo negociación co PP.

Intervén o Sr. Concelleiro D. Marcos para dicir que el acostuma a negociar e que a asistencia ao Pleno é voluntaria, e que poden quedar ou marchar.

Intervén o Sr. Alcalde e di que o Presidente da FEGAMP defende o incumprimento da normativa e así o manifesta, logo parece que o partido socialista pode respaldar o incumprimento da normativa en todos os concellos menos no Concello de Ramirás.

Conclúen as intervencións, someten o punto a votación e o Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor (PP e BNG) e catro (4) votos en contra (PSdeGalicia-PSOE), aproba o Plan Económico-Financeiro.

#### **4º.- EN APOIO Á LINGUA GALEGA, APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA**

O Sr. Concelleiro D. Marcos da lectura a Moción presentada polo seu grupo o que se transcribe literalmente:

*“Marcos Meléndez Alonso, concelleiro do grupo municipal do BNG do concello de Ramirás, ao abeiro da L.R.B.R.L, Lei da Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes, presenta para debate e aprobación, se procede, polo Pleno do Concello a seguinte MOCIÓN, EN APOIO Á LINGUA GALEGA:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Faise palpábel e evidente que o proceso de normalización da lingua galega realizado até o día de hoxe polas administracións públicas foi insuficiente para garantir o dereito a vivir libremente na lingua propia de Galiza. O respecto á legalidade vixente -Estatuto de Autonomía e Lei de normalización lingüística, Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias- e a implementación de políticas que favorezan o uso do galego e aumento do número de galegofalantes semella non ir na dirección correcta e así o demostran os estudos realizados polo Consello da Cultura Galega (CCG) e a Real Academia Galega (RAG).*

*As políticas promovidas polo Partido Popular lonxe de contribuír o uso da lingua galega, procuraron todo o contrario, tendo no Decreto do plurilingüismo o ariete co que derrubar calquera avance. Este decreto prohibe dar certas materias no idioma propio do país, furtándolle á mocidade a posibilidade de adquirir coñecementos en galego e, polo tanto, incumprindo co mandato de garantir que o alumnado teña o mesmo nivel de competencias nas dúas linguas oficiais.*

*Alén do decretazo, o Partido Popular seguiu traballando na minorización do galego coas súas políticas de recortes eliminando a Consellaría de Cultura, reducindo drasticamente o orzamento destinado ao fomento da lingua galega (apenas supera os 6 millóns de euros cando en 2008 se destinaban 23 millóns de euros) ou subvencionando a medios de comunicación que relegan a lingua até o anecdótico mentres os medios de comunicación integramente en galego fican sen axudas.*

*Asistimos a un panorama onde as persoas galegofalantes non gozamos de dereitos que nos amparen no uso do idioma día a día, resulta evidente que a pouca lexislación que pode protexernos non se aplica mentres que as máis de 500 disposicións legais que obrigan e protexen o castelán fanse cumprir rigorosamente. Resulta rechamante como é a propia administración pública a que encabeza os ataques á lingua, tal e como se reflicte no informe da Liña do Galego 2017 elaborado pola Mesa pola Normalización Lingüística.*

*No mes de abril de 2018, a Xunta de Galiza presentou un plan de dinamización da lingua galega na mocidade que pretende paliar as nefastas consecuencias que provocan as súas políticas desgaleguizadoras. Un plan que nin tan sequera lle foi presentado ás entidades que traballan na promoción do galego, mais sobre todo é unha cortina de fume para lavar as mans dos principais causantes da drástica redución do galego no ensino e no uso entre as franxas máis novas da sociedade.*

*Fronte todo o anterior, resulta máis necesaria que nunca a mobilización social, pois está a comprobarse que os únicos avances que logra o galego son promovidos polas entidades sociais, e a resposta cidadá ante as múltiples agresións e ataques. Desde o BNG instamos á Xunta de Galiza a que abandone as súas políticas desgaleguizadoras e volte ao consenso aplicando o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado unanimemente no Parlamento de Galiza en 2004.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

## **ACORDO**

1.- *Apoiar as mobilizacións en defensa da lingua convocadas para o 17 de maio, con motivo da celebración do Día das Letras galegas, pola plataforma cidadá Queremos Galego.*

2.- *Instar á Xunta de Galicia a iniciar a tramitación para a derogación do Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e ao cumprimento do disposto no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.*

3.- *Instar á Xunta de Galicia a restituír o orzamento recortado durante os últimos 8 anos, incrementando as partidas dirixidas á defensa e promoción da lingua galega.*

*En O Picouto, 24 de abril de 2018*

*Asdo: Marcos Meléndez Alonso”*

Intervén a Sra. Concelleira Dna. Isabel Gil Álvarez e di que o seu grupo está a favor da potenciación e da defensa da lingua galega e que polo tanto van apoiar esta Moción.

Intervén o Sr. Alcalde e di que están a favor da Moción, en parte, porque queren que se produzan cambios e explica que son moitos anos cunha política lingüística que non se pode calificar de mala pero tampouco de boa. Di o Sr. Alcalde que non é unha cuestión do importe destinado ao fomento da lingua, que segundo a Moción o importe de 6.000.000 de euros, é pouco, pero que con mais euros, cos 23.000.000 € do ano 2008, sería o mesmo. Que é necesario un gran acordo que inclua a todos os sectores afectados, e que o seu grupo se vai abster na votación.

Conclúen as intervencións, someten a Moción a votación e o Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor PSdeGalicia-PSOE e BNG) e catro (4) abstencións (PP), aproba a Moción presentada.

#### **5º.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NO 1º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018**

- Dáse conta ao Pleno da información da execución do orzamento (1º TR/2018) remitida ao Ministerio de Hacienda na data 23/04/2018.

	Corrente	Cerrados	Total
Cobros orzamentarios	123.507,62	164.381,89	287.889,51
Pagos orzamentarios	117.880,42	54.866,86	172.747,28

#### **6º.- DAR CONTA DOS DECRETOS**

- En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos ditados dende a última sesión do Pleno da Corporación.

## **7º.- PREGUNTAS**

Non hai preguntas.

## **8º.- ROGOS**

Intervén a Sra. Concelleira Dna. Isabel e fai os seguintes rogos:

### **-ARRANXO DO CAMIÑO DA FACHA**

Que é moi necesario e urxente o arranxo da pista da Facha, o camiño do medio do pobo, que é pura necesidade cada vez e maior o deterioro, xa fixeron a petición moitos anos e estan a espera de que algunha vez se fan efectivas as obras.

### **-ARRANXO PISTA VILAMEÁ-MOSTEIRO**

A pista Vilameá-Mosteiro que pasa por o entorno da Igrexa e da marquesiña e que vai salir ao Mosteiro por a zona do aserradeiro e a praza presenta un estado moi deteriorado e caseque non se pode utilizar.

### **-ARRANXO DA PISTA CASARDEITA-PAMBRE**

A pista de Casardeita ao Pambre, que xa reclamaron as obras varias veces, que é a pista que vai por onde a Igrexa e hacia o lugar de Coveliñas e ata O Pambre, que está intransitable.

### **-ACCESO CERDAL**

Parece que xa faloran coa Alcaldía de Ramirás e coa Alcaldía de Gomesende por a conveniencia de asfaltar a pista que vai ao campo de futbol de Escudeiros desde Cerdal, porque asi resolveríase o problema actual de imposibilidade de acceso das ambulancias á parte de arriba do pobo.

### **-LIMPEZA CAMIÑO DE QUINTA**

O camiño de Quinta cara a fonte parece ser que non se pode pasar, que está intransitable, polo que rogan a limpeza do mesmo.

### **-ARRANXO DA PISTA DE GRIXÓ**

A pista de Grixó dende o campo de futbol ata o pobo está intransitable, logo que procedan ao arranxo.

### **-LIMPEZA DAS ZONAS DAS PRÓXIMAS FESTAS**

A Festa do San Xoán é para o día 10 de xuño e polo mesmo habería que arranxar a pista de San Juan ata o Reguengo e facelo coa antelación suficiente para que presente boas condicións na data da festa. O mesmo na zona das festas do San Antonio e o mesmo para a zona do San Paio dos Pitos.

### **-MARQUESIÑA DO VISO**

A marquesiña que está á entrada do lugar de O Viso, da vergoña polo aspecto que presenta, hai que adecentala, reparala ou cambiala, tendo en conta, ademais, que van ser as festas de San Antonio.

### **-PERIÓDICO "LA REGIÓN"**

Intervén o Sr. Alcalde e di que en relación coa manifestación da Sra. Concelleira Dna. Isabel na anterior sesión plenaria de que a Deputación Provincial ofrece gratis prensa para os Concellos e para outros



centros, que non é así, que se informou e lle contestaron por escrito, e que a Deputación non está ofrecendo gratis o periódico "La Región".

A Sra. Concelleira Dna. Isabel di que estaba errada no que dixo en relación con este asunto.

#### -ENQUISA FEMP

Intervén o Sr. Alcalde e di que a FEMP remitiu un enquisa para os cargos públicos que o persoal do Concello xa lle explica aos/as concelleiros/as interesados como deben realizar os cuestionarios.

Comenta a Sra. Concelleira Dna. Isabel que o envíen ao correo electrónico.

#### -MANTEMENTO DAS MARQUESIÑAS

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que arranxar as marquesiñas é un deber e unha obriga del, pero que a obriga de colaborar no mantemento das marquesiñas é de todos, e pide que, na medida en que se vaian arranxando non lle coloquen papeles publicitarios, di que xa o ten pedido mais veces.

Que son todos cargos públicos e que ten que saber onde non se pode colocar a publicidade dos partidos políticos.

Toma a palabra a Sra. Concelleira Dna. Isabel e di que o seu grupo nunca fixou publicidade nos colectores do lixo porque ten o indicador de "Non fixar carteis", e iso mesmo, podese facer coas marquesiñas colocarlle o indicador de "Non fixar carteis". E que para non fixar os carteis no mobiliario urbano ten que haber alternativas, outros espazos públicos, para a publicidade noutros lugares.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que a marquesiña que está en Marnotos salindo hacia o Concello se puxo nova co cartel de non fixar carteis, e que non durou nada limpa.

Continua a dicir o Sr. Alcalde que a marquesiña de Vilariño puxose nova e non estivo unha semana sen publicidade e tamén lle indica aos/as concelleiros/as que hai marquesiñas que son privadas que ten que respetar, e que lle colocan igual publicidade.

Toma a palabra a Sra. Concelleira Dna. Isabel e di que se lle coloque cartel informativo de non pegar e dar alternativas de publicidade.

Intervén o Sr. Alcalde e di que hai que respetar o mobiliario, que o grupo do PP sempre colocou publicidade electoral e nunca utilizaron as marquesiñas.

Ao non haber máis asuntos a tratar na orde do día, cando son as doce horas e trinta e dous minutos, (12:32'), o Sr. Alcalde da por concluída a Sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

O Alcalde

Juan Carlos Rodríguez Matías



A secretaria-interventora

M<sup>a</sup> Begoña Quintas Fernández

A blue ink signature of Mª Begoña Quintas Fernández, written over a blue circular stamp.